

Recomendación dirixida ao Concello de Ponteareas debido ás molestias por unha granxa

Expedientes: C.6.Q/23065/14 e
23101/14

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2017

Sr alcalde.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de referente a unha granxa.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que o 10 de outubro de 2014 presentou no rexistro do Concello de Ponteareas denuncia. No barrio ... comezaron unha actividade de cría de polos sen obter a correspondente licenza municipal. Unha disposición transitoria habilítaas para poder exercer actividade en lugares que non serían legais, pero coa condición do cumprimento da normativa e a valoración do concello no que prevaleza o interese público. Non se presentou documentación e iniciou a actividade, co que os veciños están a sufrir os malos cheiros e a contaminación das súas augas, estando un colexio a menos de 50 metros. Presentada a denuncia de inicio de actividade, no concello contestan que mandase á policía, pero a día de hoxe que aínda non se lles viu aparecer polo lugar, sinala.

2. Ante iso requirimos información ao Concello de Ponteareas, que nola remitiu. Tal e como sinalaba o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental de Pontevedra, o expediente promoveuse unicamente cunha sinxela petición, unha sentenza e un proxecto, polo que restan os demais trámites preceptivos para o tipo de procedemento que se conforma. Pola anterior razón se requiriu do concello a documentación precisa (recibido no concello o 4 de agosto), pero o ente local non a requiriu á interesada ata o 10 de decembro, sen que conste a aportación. Ademais da demora apuntada tampouco se entra no fondo do asunto, que é, ao marxe da circunstancia formal da licenza, se a actividade causa prexuízos ou molestias que teñan que evitarse mesmo agora. A reclamación menciona que se dan malos cheiros e contaminación das augas, o que no seu caso debera impedirse á marxe da existencia da licenza.

3. Polo anterior requirimos do concello que con urxencia facilitara aclaración, que nos remitiu cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible

declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución, e mesmo recordar que a non colaboración co valedor pode ser delito (art. 502.2 CP).

O concello seguía sen resolver o procedemento pendente, que ten por obxecto a determinación das medidas que deben adoptarse para garantir que o establecemento resulte inocuo e non xere prexuízos aos veciños. Iso é o que reclama a queixa. Ten maior sentido se temos en conta que a explotación é moi antiga, estaba pechada e as casas se atopan cerca da granxa. Ademais, a garda civil acredita que a apertura provocou fortes cheiros e mesmo saíron restos de plumas ou excrementos. Segue se coñecerse o que mencionan tanto a queixa como a sentenza, que é se a explotación causa prexuízos ou molestias que teñan que evitarse.

4. Polo anterior de novo requirimos informe municipal. O concello anunciou que faltaba o informe do arquitecto municipal e que informaría dunha inspección ambiental que solicitara á xunta. Porén, non se recibiu nada, polo que de novo nos diriximos ao concello. Este respondeu cun considerable retraso, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor da labor da institución. O informe sinala o seguinte:

“... o expediente de medidas correctoras está todavía en trámite. Por outra banda, ante as queixas dos veciños e a fin de comprobar o requerido por eles a través desa Institución, dado que o Concello de Pontearreas adolece de personal técnico específico que poida verificar as molestias ocasionadas pola actividade (malos cheiros e contaminación de augas), e por elo que esta Alcaldía o abeiro do disposto no artigo 29.2 da Lei de Protección Medio Ambiental de Galicia procedeu a solicitar auxilio da Consellería de Medio Ambiente mediante oficio de data 23-2-2016 que se achegou xa á esa institución e temos reiterado novamente, achegamos copia ó presente. A data de hoxe non obtivemos resposta a tales oficios, polo que solicitamos diríxanxe á Xunta de Galicia para que resolva sobre o peticiónado polo Concello. En consecuencia, en canto teñamos noticias da inspección ambiental solicitada á Xunta de Galicia se adoptarán as medidas oportunas e manterémoslle informados”.

ANÁLISE

1. Do exposto dedúcese que a situación segue a ser a mesma que ao inicio da queixa, posto que o concello non aclarou apenas nada da situación formal e de fondo. Iso sucede a pesar do moito tempo transcorrido desde que se coñece a queixa. Non se resolveu sobre as medidas correctoras a aplicar á actividade. Hai tempo sinalara que estaban pendentes dun informe do arquitecto municipal; porén, tamén hai tempo indicamos que non pode xustificarse o retraso na espera dun informe propiamente municipal. Agora non sinala o

estado do procedemento, nin as causas do amplo retraso, nin a data na que finalmente se resolvera.

2. No relativo á comprobación das molestias ou prexuízos, o concello sinala novamente que non ten persoal, polo que solicitou a colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pero esta non respondeu. Tal e como indicamos en escritos anteriores, nun asunto de competencia municipal como este, se o auxilio non se acorda debe ser o concello quen realice a súa función polos medios propios, aos que debe acceder do xeito que considere máis adecuado .

3. A consecuencia é que os motivos da reclamación seguen sen aclararse como consecuencia da abstención na actuación debida por parte do concello.

4. A persoa que promoveu a queixa está demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución, que ampara o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Pontareas a seguinte recomendación:

Que con urxencia se remate o procedemento municipal de avaliación da actividade para o establecemento das medidas correctoras correspondentes, e que tamén con urxencia se realice a inspección dos prexuízos denunciados dende hai tempo, por atoparse ambas cuestións moi retrasadas e ser de competencia municipal.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.



Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo